



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 3/2018

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E TRES DE MARZO DE DOUS MIL OITO.

En Ordes, a vinte e tres de marzo de dous mil oito.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL

NON ASISTE:

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

#### **PUNTO PRIMEIRO: TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DE D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.**

Dada conta polo Sr. Alcalde da remisión pola Xunta Electoral Central da credencial expresiva da designación como concelleiro do Concello de Ordes de D. Pablo Vázquez Candal, por esta incluído na lista de candidatos presentada por PP nas eleccións locais de 25 de maio de 2.015, en substitución por renuncia de D. Luis Caamaño Fraga.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Seguidamente **D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL**, a efectos de tomar posesión dos seus cargos de conformidade co establecido no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril (en relación co art. 108.8 da LOREG), proceden a prestar promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Ordes con lealdade ao Rei, e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, facéndoo ante todo os presentes.

Polo Sr. Alcalde dáse a benvinda ao Sr. Vázquez Candal como concelleiro da Corporación, desexándolle moita sorte e éxito na labor que lle corresponde desempeñar dende este momento.

Os voceiros dos grupos políticos e concelleiros non adscritos danlle igualmente benvinda á Corporación.

### **PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.**

Polo Sr. Alcalde dáse conta da aprobación da liquidación dos orzamentos municipais 2017 mediante decreto de 21/03/2018, así como das súas principais magnitudes.

Os Srs. concelleiros danse por decatados.

### **PUNTO TERCEIRO: SOLICITUDE DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARTICIPACIÓN PLAN COMPLEMENTARIO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.**

Publicadas as bases reguladoras do **PLAN COMPLEMENTARIO AO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016** (BOP nº 206, de data 30/10/2017).

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar o **Plan Complementario ao Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar relacionadas co medio ambiente e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
Instalación grupo de presión en Queis	3.385,59 €	6.291,77 €	9.677,36 €
<b>TOTAL OBRAS</b>	<b>3.385,59 €</b>	<b>6.291,77 €</b>	<b>9.677,36 €</b>

2.- Aprobar o proxecto das obras que se relacionan na táboa anterior.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

3.– Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que legalmente non son necesarias previamente autorizacións administrativas.

4.– Comprometerse a incluír no orzamento municipal correspondente os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas no Plan Complementario.

5.– Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan Complementario, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.– Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento anterior.

7.– Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.– Facultar expresamente ao Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

#### **PUNTO CUARTO: APROBACIÓN MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA EMISORA MUNICIPAL.**

Expediente de modificación do Regulamento de organización e funcionamento da emisora municipal.

Visto o ditame favorable da Comisión de Asuntos do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que está de acordo coa modificación do regulamento, vaise a reducir a cantidade de consellos a realizar co conseguinte aforro para o concello, quedará tamén establecido o acceso dos grupos políticos a radio Ordes, quedará establecido tamén o deber de respecto, as notas de prensa e as campañas electorais.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo con todos estes cambios que mellorarán o funcionamento da emisora.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que cando o BNG presentou esta proposta o 10 de xaneiro de 2018 perseguía que o único traballador da emisora, o encargado que é unha figura sobre a que cae todo o peso da emisora debe estar presente nos consellos que nos pode dar información de primeira man sobre o funcionamento da emisora, as necesidades, a programación, ...etc.. Tamén considerábase que había que deixar constancia por escrito os dereitos e tempo de acceso de cada grupo político. Tamén se propuxo unha



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

modificación do prezo público de difusión publicitaria da radio para animar á xente a publicitarse, baixando os prezos establecidos. Para elo é necesario que funcionen os consellos, facer máis atractiva a programación para a veciñanza, solucionar os problemas de cobertura que ten a emisora para que chegue a todas as casas. Agarda que estas modificacións teñan un efecto positivo na radio.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que están de acordo coas modificación que se plantexan deste regulamento.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación Regulamento de organización e funcionamento da emisora municipal, cuxo texto figura como anexo á providencia que inicia o expediente e informado pola comisión informativa.

2º.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello.

3º.- Rematado o período de información pública, adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas contra o texto do regulamento.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

### **PUNTO QUINTO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 2 de marzo de 2.018, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decitado.

### **PUNTO SEXTO: MOCIÓNS.**

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“Veciños de Os Carrás, Queis, o Pineiro e Albariña na parroquia de Santa Cruz de Montaos sinalan que levan tempo con subministro eléctrico nas súas vivendas que parece deficiente, sinalan que por momentos a intensidade da iluminación das súas vivendas diminúe, e algún veciño en concreto xa ten feito algunha reclamación á subministradora, polo que propoño ao Pleno da Corporación Municipal de Ordes a adopción do seguinte acordo:

1. Instar a Unión Fenosa Distribuidora a reparar as deficiencias existentes, adoptando as medidas necesarias para mellorar a calidade do subministro eléctrico na parroquia de Montaos, urxentemente nos lugares de o Piñeiro, Os Carrás, Albariña e Queis.
2. Se dea traslado da resposta da Distribuidora ao concello sobre esta moción”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo. Se hai outras aldeas con subministro eléctrico precario poderían igualmente incluírse. Presenta unha emenda para que se inclúa instar tamén á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que acepta a emenda.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que nesta asunto por existir un conflito de intereses vai a absterse.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que esta semana por cuestións laborais andou polos Picos de Europa nunhas aldeas alá perdidas e había este mesmo problema. O que menos esperaba era chegar ao pleno municipal e atoparse cun problema en Ordes á beira de grandes grupos de xeración. Todo o apoio aos veciños, tamén de instar á Consellería de Industria para que teña coñecemento dos problemas dos veciños de Ordes.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que si existen estes problemas de deficiencias no subministro eléctrico hai que dar conta delas e solucionarlas canto antes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta moción podía ser perfectamente un rogo. Resúltalle curioso que desta zona a nivel municipal non lles consta que exista reclamación algunha á que se fai referencia. Sería importante que esa xente puidese aportar as reclamacións ás que se fai referencia para a súa incorporación ao acordo de resolución. Levan varias semanas traballando na zona para a mellora dos tendidos na zona da Albariña e na zona de Carrás. Van a sumarse para que se hai constancia desa falta de potencia se solucione.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que despois da investigación á que foron sometidas as persoas que asinaron en contra da ORA non se atreve a dar os nomes dos afectados.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Candal), coa abstención do Sr. Manteiga García, sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1. Instar a Unión Fenosa Distribuidora a reparar as deficiencias existentes, adoptando as medidas necesarias para mellorar a calidade do subministro eléctrico na parroquia de Montaos, urxentemente nos lugares de o Piñeiro, Os Carrás, Albariña e Queis.
2. Se dea traslado da resposta da Distribuidora ao concello sobre esta moción.
3. Dar traslado do presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“O Camiño consérvase nestas tres parroquias: Buscás, Poulo e Pereira seguindo en gran medida a calzada romana que se superpuña en algúns tramos con camiños prerrománs. Nas proximidades das tres igrexas de Pereira, San Xiao do Outeiro e San Paio de Buscás existen sendos castros e no caso de Buscás existiu tamén unha torre nas proximidades do río. As tres igrexas teñen orixe románico e conservan algúns elementos orixinais. Figuran nas cesións de Alfonso III ao Cabido da Catedral de Santiago no século IX. O tramo do Camiño que atravesa as tres parroquias constitúe un conxunto de grande interese histórico, cultural, relixioso, etnográfico, paisaxístico e medioambiental que se conservan en bo estado algúns dos seus elementos máis significativos. Por todo elo consideramos desde a Agrupación Socialista de Ordes que sería importante promover a protección e posta en valor de todos estes elementos



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

nunha proposta conxunta que permita o coñecemento e o recoñecemento dos seus valores non so polos veciños de Ordes senón tamén que constitúa un atractivo cultural e turístico.

Algúna propostas para acadar estes fins poderían ser: 1.- Sinalizar convenientemente todos estes elementos patrimoniais. 2- Facer un pequeno centro de interpretación na rectoral de Poulo que se está a restaurar. Bastaría coa instalación duns paneis informativos, imprimir trípticos para os usuarios do Camiño, e destinar un pequeno espazo para expoñer a ara romana, un ladrillo romano do alfar de Pereira e unha tella contemporánea do taller de Prado que aínda se conservan (a ara e o ladrillo poden se pedir en depósito ao Museo arqueolóxico provincial). 3.- Establecer un roteiro que partindo de Ordes percorrese ese tramo do Camiño, este roteiro podería incluír a parroquia de Santa Cruz de Montaos ate Os Currás donde se conserva un tramo dos máis antigos e o Castro.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

- Instar ó Concello de Ordes a considerar a aplicación das medidas propostas en dita moción, así como outras medidas que considere oportunas. para poñer en valor o patrimonio ordense mencionado”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo, pero hai cinco parroquias polas que transcorre o camiño inglés, Ardemil e Santa Cruz. Se nestas parroquias hai algo de interese cultural poderían incluírse.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que sempre se amosou a favor de propostas que impliquen a revalorización do noso patrimonio, vai a votar a favor.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que están de acordo coas iniciativas que revaloricen e que traballen a prol de conservar o noso patrimonio, polo que votarán a favor.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que todo o que sexa a promoción e conservación do patrimonio do noso municipio terá o seu voto favorable.





## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que entenden que é unha boa iniciativa en materia cultural e de protección do patrimonio, admiten o acordo. Non se pon unha data concreta. Incorporaranse ao acordo as parroquias de Ardemil e Santa Cruz de Montaos.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Instar ó Concello de Ordes a considerar a aplicación das medidas propostas en dita moción, así como outras medidas que considere oportunas. para poñer en valor o patrimonio ordense mencionado

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“A ampliación da rede de abastecemento de auga nos lugares de Queis, Porta dos Condes, O Castrelo, Carrás, Albariña e Piñeiro, a cal fora solicitada en varias ocasións polo grupo municipal do BNG e finalmente viuse materializada con arranxo aos fondos procedentes do POS+ da deputación da Coruña, ficou sen presión suficiente como para garantir unha subministración de calidade á veciñanza deses lugares.

Desde o BNG de Ordes propuxemos como solución a instalación dun grupo de incremento de presión á rede nesa zona, proposta que finalmente será materializada con arranxo aos fondos do plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016.

Cabe destacar que desde que se rematou a ampliación da citada rede de abastecemento, procedeuse á execución da acometida e mesmo a dar de alta a subministración de auga en varios inmobles da zona, que están a pagar os correspondentes recibos, obtendo unha subministración de auga cunha presión insuficiente como para poder proceder a un consumo desa auga con normalidade e nunhas mínimas condicións de calidade.

Coñecendo eses problemas de insuficiencia de presión na rede, non se debería ter procedido a habilitar esas acometidas ata dispor do mencionado grupo de incremento de presión.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a esixir a Espina & Delfín a proceder á devolución dos recibos correspondentes ao abastecemento de auga nos inmobles conectados á rede de abastecemento de auga ampliada na zona de Queis, Porta dos Condes, O Castrelo, Carrás, Albariña e Piñeiro, debido a unha subministración de calidade insuficiente pola falta de presión.
2. O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a esixir a Espina & Delfín a que non proceda ao cobro dos recibos correspondentes ao abastecemento de auga nos inmobles conectados á rede de abastecemento de auga ampliada na zona de Queis, Porta dos





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Condes, O Castrelo, Carrás, Albariña e Piñeiro; mentres non se garanta unha subministración que dispoña de presión suficiente, é dicir, ata a posta en marcha do grupo de presión”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que antes do debate quere dar conta do listado de abonados en Queis. Dende que se fixo esta obra son tres persoas as conectadas, dúas na rede antiga sen ningún tipo de problema e outra conectada sen ningún tipo de problema. A terceira ten o contador precintado dende o momento que se detectou a primeira incidencia. Polo que non entende a que veñen estas queixas e o contido desta moción. Datos da concesionaria. Non existe a día de hoxe ninguén que este pagando por un subministro inadecuado. É certo que se instalou unha rede que había que acometer o grupo de presión. O contido da moción está desvirtuado ao pretender chegarse a uns acordos innecesarios.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que isto é o que lle trasladaron, non vai a ir ás casas a comprobar a presión.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle aporta os datos que lle pasou a concesionaria, pídlle que retire a moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que si efectivamente esta solucionado e non hai eses problemas retiran a moción.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a acometida a fixeron dezaoto veciños aproveitando que se estaba facendo a obra, pero que teñan o servizo de alta e estean pagando son tres, pero a persoa que realmente tiña o problema no momento que solicitou a baixa foille precintado sen problema. Para o POS deste ano unha das propostas do BNG era o equipo de presión, antes do 30 de setembro deste ano estará executada a obra.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“Recentemente os grupos políticos da corporación tivemos coñecemento de parte dos resultados e conclusións que arroxou a auditoría efectuada ós alumeados públicos municipais.

O informe da auditoría pon de manifesto, a través de diversos indicadores, que moitos dos alumeados públicos do concello contan con un nivel de seguridade manifestamente mellorable: o 66% dos cadros de mando e control presentan un estado regular ou malo, o 71% non contan con protección diferencial que garanta a seguridade das instalacións e das persoas no caso de un fallo de illamento.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Conservar en bo estado todos os elementos que compoñen os alumeados públicos é de vital importancia para o seu correcto funcionamento, así como evitar accidentes, por iso se fai necesario intervir en todos os cadros de mando e control que non presentan un correcto estado.

Ter os elementos en correcto estado, é unha condición necesaria mais non suficiente para garantir a seguridade de bens e persoas, e por iso se fai imprescindible dotar aos alumeados de interruptores diferenciais, un elemento que evita, no caso de fallo do illamento da instalación, que unha persoa se poida ver sometida a un voltaxe elevado que mesmo poida poñer en risco a súa vida.

A falta de interruptores diferenciais resulta especialmente grave en aqueles alumeados que contan con luminarias ubicadas en soportes metálicos e/ou están dispostas en lugares frecuentados pola veciñanza, o que contribúe a aumentar o risco de accidentes por electrocución.

É polo que desde o BNG de Ordes propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a que de xeito inmediato, adopte as medidas precisas para mellorar a seguridade dos alumeados públicos municipais”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo. A petición de que sexa de xeito inmediato non sabe canto tempo é, hai que ter en conta que hai moitas farolas de máis de trinta ou corenta anos que non se sabe como están.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que leva insistindo dende o mes de novembro para que lle sexa remitida unha copia do informe da auditoría dos alumeados públicos. Os datos da moción do BNG son sacados do proxecto de dotación de luminarias que se aprobou no pleno pasado. Aínda que vai apoiar este moción para a mellora da seguridade dos alumeados e necesario que o Alcalde deixe de obstaculizar o dereito de acceso a ese informe para que poidamos facer as propostas que consideremos e tamén informar aos veciños do estado da rede de alumeado público.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo coa moción, se ben é certo que non teñen os datos suficientes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a Sra. Martínez Candal vai a ter acceso á auditoría, non hai nada que agochar, pero esta ten que concluírse, pedíronse melloras e incorporacións ao



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

documento, quere un documento provisional para que dentro duns meses teña unha cousa distinta. Ao remate do mes de abril haberá unha reunión cos auditores que lle explicarán a auditoría e poderá irse cunha copia. O traballo foi longo e continuado, son moitas as luminarias e os edificios municipais. Gustaríalle que a data de execución fose de acordo ao plan de actuación fixado polos auditores. Todo xunto non se vai a poder facer. Cando se contratou a auditoría era para coñecer a realidade das instalacións municipais. A situación que se atoparon non é a máis desexable, como acontece en todos os concellos nos que se está a acometer esta auditoría. Hai deficiencias que se detectaron en case todas as instalacións municipais acometidas nos últimos trinta ou corenta anos. Coa subvención do IDAE vai a cambiarse arredor dun trinta por cento dos cadros dos contadores que teñen problemas e preto de catrocentas luminarias. Esta xa é unha actuación importante. A auditoría vai a levar aparelado un plan de actuación. Por iso propón unha emenda que di: Instar ao Sr. Alcalde a que segundo o plan de actuación elaborado polos auditores adopte as medidas precisas para a mellora dos alumeados públicos municipais. Na reunión cos auditores poderán formular todas as preguntas que consideren oportunas. Co resto das luminarias non incluídas na subvención do IDAE haberá que ir facendo as Ocas correspondentes para pouco a pouco ir resolvendo a situación. Se aceptan a emenda votarán a favor.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que de xeito inmediato cando se fala de seguridade non é en dous anos. Cando a vida das persoas está en xogo, dous anos é ser bastante frívolo. O Sr. González Santos leva trinta anos en política, algúns deles gobernando, polo que algo debe saber do estado das farolas. Non teñen ningún problema en aceptar a emenda do Sr. Alcalde, piden que se lle garanta que a auditoría non so se vai a meter en temas de eficiencia enerxética, que está ben, pero para eles é máis importante a seguridade das persoas. Non lle vale que se lle diga que esta é a mesma situación no resto dos concellos. Poñen o foco nesta cuestión non para alarmar, si para que se preste importancia a esta cuestión. Acepta a emenda pero pide que se faga con premura, prestando especial atención á seguridade.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que non dixo dous anos en concreto, quería dicir o que dixo o Sr. Veiras Carneiro, so preguntou o que significaba. Estivo na oposición, non goberno, fixo por Ordes o que tiña que facer. Sabe que é un perigo a situación das instalacións de alumeado público, fai trinta anos esta lei non existía. A normativa cambiou, a tecnoloxía cambiou. Agora hai que corrixir. Os alumeados de menos de vinte anos non teñen ese problema. Votarán a favor.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que cando lle pediu o informe de auditoría en novembro o Sr. Alcalde dixo que tiñan de prazo ata decembro para o seu remate. Cando lla pediu en xaneiro lle dixo que podía pasar por intervención para recollela, cando lla volveu a pedir en febreiro por que en intervención non lla deron dixo que ía a convocar unha reunión. Parece que existía pero agora resulta que aínda non está. Quere aclarar esta cuestión.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están a favor da mellora das instalacións para a seguridade das persoas.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que os tempos foron os que foron, cambiou a lei. Cando estivo gobernando todos os proxectos de alumeado público ían adaptados á normativa vixente. As cousas de antes hai que poñelas ao día.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que fai un mes non foi posible manter unha reunión por que non estaban todos os concelleiros. Vai a ter acceso a ela, non hai nada que agochar. Aceptada a emenda votarán a favor. O problema é a financiación por que isto vai a custar moitos cartos. Habrá que establecer prioridades para facer as actuacións precisas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

O pleno do concello de Ordes insta ao Sr. Alcalde a que segundo o plan de actuación elaborado polos auditores adopte as medidas precisas para a mellora dos alumeados públicos municipais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“O parque empresarial de Ordes dispón dunha zona verde cunha superficie de máis de 28 hectáreas que na situación na que se atopa na actualidade, o valor medioambiental que aporta é practicamente nulo.

Desde o BNG de Ordes consideramos que se debera aproveitar este espazo coa creación dun parque autóctono, respectando unha distancia de 50 metros con respecto as outras parcelas do parque empresarial de Ordes, mediante a plantación de zonas con castiñeiros, carballos e nogueiras.

O obxecto non é o aproveitamento da madeira, se non a creación dun área con elevado valor ecolóxico para o uso e goce da veciñanza do concello de Ordes, polo que entre árbores é conveniente deixar unha distancia axeitada para favorecer as tarefas de mantemento e roza da parcela.

Tamén consideramos axeitado que as especies que se planten, sexan micorrizadas para incrementar mais se cabe o valor ecolóxico desa zona, favorecendo as condicións para a aparición de setas.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a levar a cabo as actuacións precisas para a creación dun parque autóctono na zona verde do parque empresarial de Ordes, segundo o reflectido na exposición de motivos da presente moción.”



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo. Habería que facer un proxecto. A el gustaría lle un viveiro de plataneiros para o campo da Feira, hai sitio para todo. Votarán a favor.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que é sabido que os Ordenses saen a pasear, facer deporte, coas súas mascotas dende o centro da Vila ata o parque empresarial. Calquera aproveitamento que se lle poida dar a esta zona verde que esta de momento paralizada e sen uso sería bo. Encontra a proposta do BNG máis que debidamente axeitada sempre que se manteña o parque autóctono debidamente coidado. Sería de grande valor para os veciños.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que isto foi un proxecto que impulsaron no pasado, quedou incompleto. Ten moito potencial. Unha vez executado habería que informar ao veciños con carteis indicativos.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están a favor.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que existe un erro na superficie. O solo industrial e comercial no parque empresarial son 300.000 m<sup>2</sup>, 30 ha. A parcela de zona verde son 2,8 ha, 28.000 m<sup>2</sup>. Concorde coa petición. É necesario un proxecto adecuado. O eucalipto para a produción das setas ten importancia, non destrúe todo.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se hai un erro, pide desculpas. Entende que esa zona debe adicarse a ese tipo de especies. Non teñen inconveniente a ese viveiro de plataneiros. Agradece á Corporación o seu apoio. Ogallá se faga realidade nas vindeiras datas. Aproveitando que esta semana celebramos a día da árbore é unha iniciativa importante.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a levar a cabo as actuacións precisas para a creación dun parque autóctono na zona verde do parque empresarial de Ordes, segundo o reflectido na exposición de motivos da presente moción.”

### **PUNTO SÉTIMO: ROGOS E PREGUNTAS.**

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Gómez Candal, concelleiro non adscrito, que formula os rogos seguintes:

1 - Na estrada N-550 ao seu paso pola vila de Ordes, entre as rúas Acibro e Francisco Asorey, os sumidoiros de augas pluviais non funcionan correctamente.

2 - No cruce da N-550 coa rúa Canteira hai unhas fuchancas no pavimento que acaban reaparecendo por moitas veces que se lle bote asfalto ou aglomerado.

3 - O aparcamento anexo á piscina climatizada enfrente da entrada principal do instituto Maruxa Mallo non ten practicamente visibilidade de noite.

4 - A entrada principal do Polideportivo Castelao II atópase na rúa Manuel Murguía e na mesma a visibilidade de noite é insuficiente porque os puntos de luz existentes están situados na beirarrúa de enfrente e teñen escaso poder lumínico.

Por todo isto, solicitamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

1 - Que demande do Ministerio de Fomento a reparación de ditos sumidoiros para garantir a seguridade dos usuarios da estrada N-550 e das rúas adxacentes.

2 - En devandito cruce entre a N-550 e a rúa Canteira arranxar aproximadamente os primeiros 20 metros dende a estrada N-550 empregando formigón para a súa pavimentación.

3 - Que poñan un par de puntos de luz nesa zona de aparcamento para mellorar a visibilidade e seguridade dos usuarios da piscina.

4 - Que coloquen un foco na fachada do Polideportivo Castelao II xusto enriba do acceso principal para outorgar maior visibilidade a esa zona.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a contestar os catro rogos de forma continuada. En relación coas demandas na N550 remitirán o escrito, se a labor é so de mantemento pediránlle a Espina que faga unha limpeza deses sumidoiros para ver se se mellora algo. En rúa Canteira incluírase en futuras actuacións. Os puntos de luz valorárase a súa viabilidade e necesidade. O foco no polideportivo xa foi trasladado a deportes polos usuarios, intentarán meterlle un sensor e arranxalo canto antes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula o rogo seguinte:

- En marzo de 2017 aprobouse unha moción neste pleno sobre a transparencia, e que o goberno non está a cumprir, tanto no prazo de envío das actas de xuntas de goberno local, como na publicación das actas na páxina web (xa que como se ve no documento que adxunto so se publicaron as do primeiro trimestre de 2017), así como a publicación dos contratos menores que deben ser publicados na páxina web do concello que dende setembro de 2017 non foi actualizada. Tamén están sen publicar as actas plenarias dende setembro de 2017 e tamén está sen actualizar a pestaña das comisións informativas.

Aparecen outras pestañas con erros que adxunto, que creo que deben ser subsanados.

Ademais levo solicitando sen éxito dende novembro pasado que se me remita copia do informe de auditoría eléctrica dos alumeados públicos sen que se faga efectiva a entrega do mesmo, quedando o señor Alcalde de convocar unha reunión con todos os concelleiros que ata a data non se produciu.

É por todo isto polo que formulo o seguinte rogo ao Sr. Alcalde:

Nos sexan remitidas as actas de xunta de goberno local en tempo e forma, 10 días, segundo o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en concreto no seu artigo 113 apartado b).

Que se actualice de xeito inmediato a información de contratos menores que leva dende setembro sen ser actualizada.

Que se actualice a pestaña de comisións informativas.

Que se publiquen as actas de sesión plenarias que faltan dende setembro.

Que se proceda á corrección dos erros detectados ou outros por detectar.

Que me sexa remitida a copia do informe de auditoría eléctrica dos alumeados públicos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que sempre se lle deu un pouco de flexibilidade aos técnicos á hora de facer o seu traballo. As actas foronlle entregadas ata o fin de febreiro. A intención dos técnicos é que lle sexan entregadas as actas dentro dos prazos que marca a normativa. Regularizárase a información da páxina web municipal. O nome da empresa que xestiona a residencia da terceira idade é correcto. O informe de auditoría entregaráselle unha copia na reunión do mes de abril. Van a tratar de cumprir con todo o que vostede pide aquí.





## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Na súa condición de portavoz municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se informe a este pleno cantos e cales son os nomes dos fillos predilectos e adoptivos da Vila de Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que Fillos Adoptivos: 29/03/1988, Viriato Lamas Gutiérrez e Anastasia Pisonero Ramos, 22/09/2000: Herminio Rial Naveiro. Fillos Predilectos: 29/03/1988 Ramón Ferreiro Regos e Soldado Lois. 19/08/1990: Juanjo Liñares, 28/11/2002: Iván Raña Fuentes, 08/05/2010: Ramón Carro Romero e 30/11/2016: Isabel Zandal Gómez a título póstumo. Na páxina web municipal vai a incluírse esta información cunha pequena información.

- A construción que hai o lado do edificio dos servizos administrativos da Xunta leva máis de 10 sen rematar.

As estruturas inacabadas deteriáranse con maior celeridade desde que son concluídas que unha construción nova iniciada e rematada seguindo un calendario lóxico.

A Lei do Solo obriga a rematar totalmente todos os parámetros exteriores e cubertas. Quen non o faga exponese a sancións de ata 25.000 euros, que se poden incrementar en entre 1.000 y 10.000 euros trimestrais ata que se remate a obra. Pero estas sancións ata agora semella que non son habituais. O remate desta construción non parece o máis adecuado.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó concello de Ordes a contactar co propietario para que remate as fachadas para evitar o feísmo paisaxístico así como estudar a posibilidade de que a Xunta de Galicia puidera adquirir esas vivendas para destinalas a vivendas de protección oficial.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este edificio na actualidade é dunha entidade bancaria, en varias ocasións se dirixiron ao concello, están analizando os custes para o seu remate e adaptación á normativa técnica e urbanística. Ve complicado que a Xunta de Galicia vaia a facer unha inversión tan custosas, darán traslado do mesmo para que se estude esta posibilidade.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

- A nosa Agrupación Socialista recibiu queixas da veciñanza sobre os camiões que cruzan a Vila de Ordes, facendoo a unha velocidade excesiva e provocando situacións de risco, incluíndo frenazos para dar parado nos pasos de peóns.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó concello de Ordes a que controle máis a miúdo o tráfico que cruza a vila para evitar estas situacións perigosas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se lle deu traslado á policía local para que estean vixilantes.

- A nosa Agrupación Socialista recibiu queixas dos usuarios do pavillón do Castelao II en relación ó pavimento da pista, que presenta humidades frecuentes volvéndose moi esaradizo e perigoso para o desenvolvemento das actividades deportivas.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó concello de Ordes a que tome as accións pertinentes para subsanar esta deficiencia grave.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa foi tratado noutras ocasións. En caso de moita humidade temos un problema de condensación. Vai a instalarse un extractor de maior dimensión para mover maior volume de aire. Xa están a traballar.

- Segundo unha noticia da Voz de Galicia do 14/03/2018, as facturas sin pagar de Santiago e os concellos da súa área suman xa 18.7 millóns de euros, tras crecer un 13,7 %.

Segundo os datos que manexamos desde a Agrupación Socialista de Ordes, en Decembro de 2016 o Concello de Ordes adebedaba os seus provedores 566.204 euros, un ano despois a débeda ascendeu a 781.211 euros.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó concello de Ordes a que nos indique se estes datos son correctos e, de ser así, o motivo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os datos son correctos pero teñen unha explicación. A Voz de Galicia sacou un montón de datos deses concellos sen explicar de donde proceden



## CONCELLO DE ORDES

---

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

esas variables. O máis importante é o período medio de pago que é de menos trece con cincuenta e oito. Estase a pagar a dezaseis días de media, o límite son trinta días dende a data de rexistro de entrada da factura. A diferenza puntual entre o 2016-2017 ten unha explicación. Todos sabemos a data de aprobación dos orzamentos no mes de setembro, aínda así conseguíuse unha execución excelente, o cumprimento da regra de gasto cunha diferenza de 2.300 euros, houbo que facer modificacións de créditos. O volume de facturas presentadas no último trimestre de 2017 foi superior ao presentado no mesmo trimestre de 2016. Na última semana de 2017 rexistráronse facturas por importe total de 530.000 euros, que foron aprobadas o 29/12/2017 polo que o seu pagamento non foi posible antes do 31/12/2017. Na última semana de 2016 o importe de facturas rexistradas foi de 220.000 euros. Hai un informe elaborado polos técnicos do que lle pode facer entrega.

- No día de hoxe o Consello de Ministros ven de aprobar a autorización aos Concellos para invertir o superávit. Comentou no informe de intervención que hai máis dun millón de euros para invertir o superávit.

Informe se hai algún proxecto onde pensa invertilos.

Se conte cos concelleiros e grupos políticos para chegar a un consenso para a súa inversión.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no seu día se presentaron propostas para o POS por preto cinco millóns de euros, aprobaron un investimento por importe de un millón seiscientos mil euros. No seu día quedou comprometida a reparación da rúa Galicia, e unha das que se incluírá. No seu día aprobouse unha moción para a execución de beirarrúas ata Guindiboo polas Casillas, xa se está a valorar pola asistencia técnica. O goberno ten intención de dotar unha parte cuberta ao lado da pista multideporte no Campo da Feira que vai a ser custosa. Se se pode salvar a posibilidade de amortización de débeda. Están abertos a recibir suxerencias. Hai moito a que destinar estes cartos para atender as demandas dos veciños. Serán analizadas. Será necesario tramitar un expediente de modificación de crédito para a súa incorporación ao exercicio 2018.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula o rogo seguinte:

- O auditorio da Casa da Cultura, dispón dun sistema de calefacción mediante radiadores eléctricos. Os elementos existentes son insuficientes para proporcionar unhas axeitadas condicións de confort térmico (recordamos que o auditorio normalmente utilízase para acoller eventos ou actuacións cunha duración de tempo considerable).

E máis que notable que o propio edificio da casa da cultura, adoece dunha intervención importante, mais consideramos que mentres esta non se de, polo menos debería dotar ao auditorio de mais radiadores que contribúan a quentar minimamente ese espazo.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se dote ao auditorio da casa da cultura de mais radiadores.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a actuación é necesaria, pero hai que valorar outra medida para quentar todo ese volume de aire. Hai que darlle unha volta a unha actuación co remanente no auditorio. Son moitas as actuacións que se fan ao longo do ano para climatizalo dunha maneira axeitada. A inversión é importante pero entende que é unha obra necesaria.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na Avda. Alfonso Senra, á altura do edificio Nº 15, existe un bordo transversal á beirarrúa que representa un obstáculo e impide unha total circulación accesible, ademais de constituír un elemento de grande risco, xa que é orixe de numerosos tropezoños.

A pesares de ter xa trasladado nos plenos ordinarios dos meses de abril e novembro do ano 2017 o presente rogo, a día de hoxe non se fixo nada desde o goberno municipal para solucionar a situación, o cal demostra a existencia de inconfesábeis intereses por parte do alcalde ao negarse a realizar unha actuación de puro sentido común nunha vía pública, supoñendo ademais un custo de execución ridículo.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se retire o bordo existente nesa zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o irán a ver xuntos, despois falarán para ver se dan unha solución con todos os veciños.

- No cruce existente na Rúa, Buscás, coa estrada que conduce á N550, existe un peche vexetal que impide completamente a visibilidade aos vehículos.

Aínda que ben e certo que existe un espello instalado no mesmo, cabe recordar que en determinadas épocas do ano, sobre todo nos meses de outono e inverno, este atópase empanado ou mollado o cal minimiza considerablemente o seu efecto.

A pesares de ter trasladado ao goberno municipal esta incidencia no pleno ordinario do mes de setembro do ano 2017, a día de hoxe a situación segue sen mudar.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se inicie os trámites oportunos para proceder á retirada de dito peche vexetal, por motivos de seguridade viaria.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no seu día fíxose un informe, comunicouse, fíxose unha pequena poda, pasou un ano e volvemos a estar no mesmo. Van a reiterar o informe e o aviso.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

- Ven de resolverse nestas datas o deslinde do límite do Concello de Ordes nos terreos ocupados pola central térmica de Meirama, o cal permite ao Concello de Ordes recadar a parte correspondente polos impostos do IBI e o IAE, cifrándose nunha cantidade próxima aos 35.000 €/anuais.

Estas cantidades viñan sendo percibidas polo Concello de Cerceda, pero realmente pertencían ao Concello de Ordes, e dado que o noso Concello non pode reclamalas directamente ao Concello de Cerceda, creemos oportuno que sexan reclamados os atrasos que permite a lexislación vixente (ata 4 anos) a Gas Natural Fenosa, para que despois sexa a propia empresa quen lle reclame a devolución correspondente no Concello de Cerceda se o considera oportuno.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda a reclamar a Gas Natural Fenosa os atrasos que permita a lexislación vixente correspondente aos impostos do IBI e o IAE, resultantes do novo deslinde do límite do Concello de Ordes nos terreos da central térmica de Meirama.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as contas non son tan sinxelas. Temos que partir de que Gas Natural Fenosa non debe nada que pagou en función do que a Dirección Xeral do Catastro aprobou. Desde decembro do ano pasado nos temos un tres con vinte por cento de superficie da central que nos debería ter sido liquidado dende que a central paga o imposto correspondente. O procedemento que se seguiu foi de subsanación que coa regulación nas normas de catastro inmobiliario non permite o cobro retroactivo. O outro procedemento que permitía o cobro retroactivo non garantía que se nos recoñecese a titularidade de maneira inmediata. Se se lle reclama a Cerceda vai negarse. Durante moito tempo houbo un abandono. Non temos opción ningunha para a recuperación do cobro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que descoñece o procedemento, pero imaxina que se o erro é de Catastro deberá haber un mecanismo para poder reclamar. Se existe algún mecanismo debe intentarse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non o hai, se o houbera o terían feito. O expediente de subsanación de discrepancias non permiten reclamar o que non tiñas no seu día regularizado. A propia resolución estimatoria pon a data na que pasa a ter efectos que é o 31/12/2017, polo que non da posibilidade de cobro retroactivo.

- Recentemente abriuse por parte do concello de Ordes, unha convocatoria para a selección de persoal de cara a realizar as tarefas de rozas cos tractores municipais, atopando na convocatoria as seguintes deficiencias ou curiosidades:

No proceso requírese un carné C1+E, moi superior ao preciso para o manexo de dita maquinaria; na proba práctica faltan os criterios de corrección, valoración e superación da mesma para que esta sexa obxectiva e non subxectiva; pídese un título que acredite coñecementos de seguridade viaria e seguridade no traballo para condutores de maquinaria agrícola e forestal, sen especificar cal é.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Ademais, este proceso de selección non se atopa publicado na páxina web municipal.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se nos explique a que se deben estas deficiencias.

A que se proceda coa corrección das bases da convocatoria, iniciando novamente o procedemento se fose preciso.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as bases do procedemento de selección as fan os técnicos. Con respecto ao carnet C1+E a DXT di que se poden conducir os vehículos incluídos no C1 tipo tractor máis un remolque de non máis de 750 kg entre ambos e que non sebreparen os 12000 kg. En bases de selección de persoal como a do Concello da Estrada de 22/05/2017 pide este mesmo carnet de conducir e igualmente estar en posesión dun título que acredite coñecementos de seguridade viaria e seguridade no traballo para conducir maquinaria agrícola ou forestal. A Xunta de Galicia convocou a praza de oficial tractorista no ano 2006 e un dos requisitos era o carnet de conducir C+E. Tivo coñecemento desta esixencia unha vez publicadas as bases e a xente se pasou polo concello. Non confundamos un tractor agrícola cun tractor municipal que actúa nas vías municipais. Os criterios obxectivos de valoración veñen recollido na Base 8ª, correspondendo ao tribunal a súa valoración e motivación suficiente. Os coñecementos de seguridade viaria e seguridade no traballo pídese unha titulación mínima sen indicar un título determinado que habería que xustificar por que é necesario ese título en concreto que podería entenderse como contrario ao principio de igualdade ao non existir unha norma legal que esixa dispor dun título en concreto. A publicidade obrigatoria que esixe a lei de emprego público é a que se fai a través do BOP, na páxina web é só a título informativo. Si se fixo nas redes sociais, subírase á páxina web. Polo que non se consideran que existan esas deficiencias, non sendo necesaria unha nova convocatoria.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que facendo unha búsqueda nas bases de selección de tractorista o que aparece é un carnet de tipo B. Sería máis axeitado que estar en posesión dun carnet tipo C1+E fose valorado como mérito e non como requisito básico para poder optar a esa praza. Así o entendemos. Os criterios obxectivos os vemos como superficial e que dan pe a facer valoracións subxectivas e non obxectivas. Votan en falta que se detallen eses criterios de valoración.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as bases se adaptan á normativa, foron as que redactaron os técnicos, a propia Xunta de Galicia esixe ese carnet.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na Bailía á beira da estrada, existe un poste da liña telefónica fendido pola metade e soportado mediante un tirante ao terreo, tal e como pode verse na fotografía adxunta.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se solicite á compañía telefónica a reparación do devandito poste.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa foi avisada a empresa de mantemento, esta aínda sen reparar, hai uns días que temos coñecemento desta deficiencia.

- No paso de peóns xunto a Residencia dos maiores, nos días de choiva acumúlase unha gran cantidade de auga, xa que o rexistro existente non é capaz de evacuala.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda a darlle unha solución a esta deficiencia na canalización da auga.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é un problema de evacuación, cando chove moito os arrastres de terra do aparcadoiro veñen para alí, acumúlase sobre o sumidoiro e se atasca. Espina ten que estar máis ao tanto para facer as labores de limpeza para que non faga esas pozas.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que aínda que non chova moito vese igualmente auga acumulada no rexistro. Pensa que tamén pode haber un problema co canalón da Residencia de Maiores.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pola Residencia se fixo o mantemento da cuberta e limpeza dos canalóns.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que na rúa República Arxentina algúns sumidoiros de pluviais amontonan auga alí, hai algún atasco que non deixa correr a auga. En prolongación rúa dos Lagartos tamén sucede o mesmo a altura do edificio esquina rúa Rosalía de Castro, 45.

Intervén o Sr. Alcalde, que en esquina rúa Rosalía de Castro e Prolongación rúa dos Lagartos meteuse un rexistro novo coas obras de rúa Nova.

- Esta tarde vense de producir unha inundación no pavillón Castelao que ven de obrigar a suspender os partidos de mañá, os entrenamentos.

Informe se ten algunha solución para este problema que ven de producirse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que para mañá non. A empresa que fixo a colocación do panel sandwich transparente fá a media tarde a ver o que sucedeu alí. Foi en dous puntos, un no medio da pista e outro na zona central, pegados ás vallas, pero que dificulta a práctica deportiva para este fin de semana. Tan pronto mellore o tempo haberá que subsanalos co tratamento na cuberta para que non haxa esa filtración.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes:





## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

- Na rúa Mestre Nicolás del Río, a altura do IES nº 1 de Ordes, o pavimento presenta varias fochancas.

Por tanto, rogamos e solicitamos o señor Alcalde:

Que se realicen as tarefas de acondicionamento do firme necesarias.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o plan de rebacheo está en licitación. Os rebacheos máis fondos fanse con medios propios cos cubos que temos de formigón en frío. As vindeiras semanas se hai uns días bos tratarán de dar un repaso cos medios propios que temos. Climatoloxicamente foi un inverno moi adverso e son moitas as fochancas que temos en toda a rede viaria. Hai unha relación bastante grande, tanto peticións veciñais como as que van observando os operarios ou os concelleiros en todo o termo municipal.

- O aparcadoiro que comunica a rúa Alfonso Senra e o centro de saúde, encóntrase nun estado lamentable. Nel podemos observar gran cantidade de lixo tirado polo chan así como múltiples fochancas por toda a súa superficie.

Por tanto, rogamos e solicitamos o señor Alcalde:

Que se realicen as tarefas necesarias para o seu acondicionamento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que do lixo darase traslado a empresa de limpeza. Nos demais terreos cedidos para aparcadoiro nos próximos días procederase ao acondicionamento de todos eles, con tempo suficiente para telos en condicións para Expo Ordes.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que formula a pregunta seguinte:

- A nova instalación deportiva construída no Campo da Feira atópase pechada ao público. ¿Canto tempo máis teremos que agardar para que esta instalación poida ser utilizada?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que cando se contratou esta obra a intención era que estivese lista o 05/12/2017 para o seu disfrute na ponte do día da Constitución e da Inmaculada. Desde ese día a climatoloxía foi adversa para a reparación do pavimento que impide que os nenos poidan entrar a xogar. Non pode dar unha data concreta, en canto veña o bo tempo farase



## **CONCELLO DE ORDES**

---

**(A CORUÑA)**

**FOLLA Nº 24**

a reparación pendente. O intentaron en febreiro, non o puideron solventar, necesitan unhas mellores condicións de temperatura.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que lle trasladaron unha queixa para ver se hai solución. Hai moitos rapaces que xogan alí ao balón e a veces caelles para dentro e os país vense obrigados a saltar para collelo. Hai algunha medida.

Intervén o Sr. Alcalde, que non o van a abrir para que o danen máis, esta gloveado. Saltar non é bo tampouco, a solución pode ser deixar a chave nun establecemento da zona.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e corenta e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**